

XUNTA DE GOBERNO

Sesión do día 8 de marzo de 2024

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas do día oito de marzo do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *María Nava Castro Domínguez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez* e *María Isabel Conselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33558.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 1 de marzo de 2024.

2.33559.- APROBACIÓN DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA (Expte.2024011045)

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra desde o 2016, en exercicio das súas competencias provinciais de asesoramento e asistencia en materia de administración electrónica, promoveu a través da contratación dunha plataforma de administración electrónica en modalidade software como servizo (SaaS) e a formalización de convenios interadministrativos para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica cuxa vixencia remata o 10 de marzo de 2024, un marco de colaboración coas Entidades locais da provincia para a prestación de servizos de administración electrónica.



Segundo.- Actualmente son 55 Concellos, 6 Entidades Locais Menores e 4 Mancomunidades as adheridas ao convenio de colaboración para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica, que está a permitir ás entidades adheridas instaurar o expediente electrónico, garantindo o cumprimento das obrigas recollidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como a integración coa Plataforma de Contratación do Estado (PLACE) ou cos servizos da Plataforma de Intermediación de Datos, entre outros.

Terceiro.- A Deputación de Pontevedra co obxectivo de dar continuidade a devandita colaboración, a través da súa Xunta de Goberno aprobou en sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2024 o “Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da provincia de Pontevedra para a prestación de servizos de administración electrónica.” (Exp. 2024005572), por un período de 3 anos con efectos desde o 11 de marzo de 2024.

Cuarto.- Que as entidades locais que formalizaron a súa adhesión ao convenio marco foron: Concello de Cerdedo-Cotobade, Concello de Caldas de Reis, Concello de Arbo, Concello de Mondariz, Concello de O Rosal, Concello de Poio, Concello da Estrada, Concello de Meis, Mancomunidade do Salnés, Concello de Moraña, Concello de Redondela, Concello de Crecente, Entidade Local Menor Arcos da Condesa, Concello de A Lama, Concello de Covelo, Concello de As Neves, Concello de Nigrán, Concello de Tomiño, Concello de Barro, Concello de Pazos de Borbén, Mancomunidade de concellos do Val Miñor, Concello de Catoira, Concello de Sanxenxo, Entidade Local Menor de Chenlo, Concello de Gondomar, Concello de Oia, Concello de Vilaboa, Concello de Vila de Cruces, Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño, Concello de Bueu, Concello de A Guarda, Concello de Cangas, Concello de Soutomaior, Concello de Campo Lameiro, Concello de Silleda, Concello de Meaño, Mancomunidade de Concellos do Morrazo, Concello de Lalín, Concello de Cambados, Concello de Portas, Concello de Ponte Caldelas, Concello de O Porriño, Concello de Salvaterra de Miño, Concello de Valga, Entidade Local Menor de Morgadáns, Concello de Moaña, Concello de Mondariz-Balneario, Concello de Pontecesures, Concello de Forcarei, Concello de Cuntis, Concello de A Cañiza, Concello de O Grove, Entidade Local Menor Bembrive, Concello de Salceda de Caselas, Entidade Local Menor de Camposancos, Concello de Mos, Concello de Rodeiro, Concello de Fornelos de Montes, Concello de Dozón, Concello de Agolada, Entidade Local Menor de Villasobroso, Concello de Pontearreas, Concello de Tui, Concello de A Illa de Arousa e o Concello de Baiona.

Quinto.- As aprobacións dos convenios xa conta co financiamento que se considera necesario, segundo consta no expediente de contratación número 2024002812.

Vistas as dilixencias de conformidade da Intervención Xeral de data 6 de marzo de 2024.



Por todo o exposto, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar os presentes Convenios, en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar os Convenios de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as seguintes Entidades Locais: Concello de Cerdedo-Cotobade, Concello de Caldas de Reis, Concello de Arbo, Concello de Mondariz, Concello de O Rosal, Concello de Poio, Concello da Estrada, Concello de Meis, Mancomunidade do Salnés, Concello de Moraña, Concello de Redondela, Concello de Crecente, Entidade Local Menor Arcos da Condesa, Concello de A Lama, Concello de Covelo, Concello de As Neves, Concello de Nigrán, Concello de Tomiño, Concello de Barro, Concello de Pazos de Borbén, Mancomunidade de concellos do Val Miñor, Concello de Catoira, Concello de Sanxenxo, Entidade Local Menor de Chenlo, Concello de Gondomar, Concello de Oia, Concello de Vilaboa, Concello de Vila de Cruces, Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño, Concello de Bueu, Concello de A Guarda, Concello de Cangas, Concello de Soutomaior, Concello de Campo Lameiro, Concello de Silleda, Concello de Meaño, Mancomunidade de Concellos do Morrazo, Concello de Lalín, Concello de Cambados, Concello de Portas, Concello de Ponte Caldelas, Concello de O Porriño, Concello de Salvaterra de Miño, Concello de Valga, Entidade Local Menor de Morgadáns, Concello de Moaña, Concello de Mondariz-Balneario, Concello de Pontecesures, Concello de Forcarei, Concello de Cuntis, Concello de A Cañiza, Concello de O Grove, Entidade Local Menor Bembrive, Concello de Salceda de Caselas, Entidade Local Menor de Camposancos, Concello de Mos, Concello de Rodeiro, Concello de Fornelos de Montes, Concello de Dozón, Concello de Agolada, Entidade Local Menor de Villasobroso, Concello de Pontearreas, Concello de Tui Concello de A Illa de Arousa e o Concello de Baiona, para a prestación de servizos de administración electrónica.

Segundo.- Aprobar as liquidacións anuais, segundo o previsto no modelo de contraprestación económica, Anexo II do convenio de colaboración, en relación co período comprendido entre o do 11 de marzo de 2024 e o 10 de marzo de 2025 e sucesivas, en aplicación do criterio de poboación de cada concello na última actualización de poboación do Instituto Nacional de Estatística (INE).

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Novas Tecnoloxías, para que no prazo previsto na cláusula sexta do convenio, notifique as correspondentes cartas de pagamento de acordo co seguinte detalle:

Nº	Entidade Local	Poboación	Pagamento por Entidade
1	Concello de Cerdedo Cotobade	5.687	2.500 €
2	Concello de Caldas de Reis	9.620	2.500 €
3	Concello de Arbo	2.647	1.000 €
4	Concello de Mondariz	4.444	1.500 €
5	Concello de O Rosal	6.431	2.500 €
6	Concello de Poio	17.297	4.500 €
7	Concello de A Estrada	20.081	5.500 €
8	Concello de Meis	4.706	1.500 €
9	Mancomunidade do Salnés		-
10	Concello de Moraña	4.126	1.500 €



11	Concello de Redondela	28.937	5.500 €
12	Concello de Crecente	1.978	1.000 €
13	Entidade Local Menor Arcos da Condesa		-
14	Concello de A Lama	2.520	1.000 €
15	Concello de Covelo	2.426	1.000 €
16	Concello de As Neves	3.739	1.500 €
17	Concello de Nigrán	18.045	4.500 €
18	Concello de Tomiño	13.836	3.500 €
19	Concello de Barro	3.651	1.500 €
20	Concello de Pazos de Borbén	2.993	1.000 €
21	Mancomunidade de concellos do Val Miñor		-
22	Concello de Catoira	3.289	1.500 €
23	Concello de Sanxenxo	17.854	4.500 €
24	Entidade Local Menor Chenlo		-
25	Concello de Gondomar	15.043	4.500 €
26	Concello de Oia	3.104	1.500 €
27	Concello de Vilaboia	5.950	2.500 €
28	Concello de Vila de Cruces	5.082	2.500 €
29	Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño		-
30	Concello de Bueu	11.922	3.500 €
31	Concello de A Guarda	9.998	2.500 €
32	Concello de Cangas	26.807	5.500 €
33	Concello de Soutomaior	7.603	2.500 €
34	Concello de Campo Lameiro	1.723	1.000 €
35	Concello de Silleda	8.876	2.500 €
36	Concello de Meaño	5.258	2.500 €
37	Mancomunidade de Concellos do Morrazo		-
38	Concello de Lalín	20.282	5.500 €
39	Concello de Cambados	13.681	3.500 €
40	Concello de Portas	2.823	1.000 €
41	Concello de Ponte Caldelas	5.553	2.500 €
42	Concello de O Porriño	20.562	5.500 €
43	Concello de Salvaterra de Miño	10.274	3.500 €
44	Concello de Valga	5.704	2.500 €
45	Entidade Local Menor de Morgadães		-
46	Concello de Moaña	19.315	4.500 €
47	Concello de Mondariz-Balneario	703	1.000 €



48	Concello de Pontecesures	3.096	1.500 €
49	Concello de Forcarei	3.186	1.500 €
50	Concello de Cuntis	4.549	1.500 €
51	Concello de A Cañiza	5.090	2.500 €
52	Concello de O Grove	10.828	3.500 €
53	Entidade Local Menor Bembrive		-
54	Concello de Salceda de Caselas	9.421	2.500 €
55	Entidade Local Menor de Camposancos		-
56	Concello de Mos	15.076	4.500 €
57	Concello de Rodeiro	2.260	1.000 €
58	Concello de Fornelos de Montes	1.647	1.000 €
59	Concello de Dozón	1.017	1.000 €
60	Concello de Agolada	2.254	1.000 €
61	Entidade Local Menor de Villasobroso		-
62	Concello de Pontearreas	23.154	5.500 €
63	Concello de Tui	17.327	4.500 €
64	Concello de A Illa de Arousa	4.876	1.500 €
65	Concello de Baiona	12.407	3.500 €

Cuarto.- Facultar ao presidente para a formalización dos mencionados convenios mediante a súa sinatura.

3.33560.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE ARBO AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ENSANCHE E PAVIMENTACIÓN NO LUGAR DE CASANOVA-MOURENTAN” (Expte.2024012156)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 22/02/2024, mediante rexistro WEB2024011199, emendado en data posterior, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de ARBO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 83.208,30 euros, co obxecto do financiamento do investimento “ENSANCHE E PAVIMENTACION NO LUGAR DE CASANOVA-MOURENTAN”, cuxo orzamento ascende 83.208,30 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	83.208,30	83.208,30	0,00	0,00

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade e cesión dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Deputación de Pontevedra.

A devandita autorización e a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 23/02/24, e da xefa do servizo de Cooperación de data 29/02/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 04/03/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Arbo*, CIF: P3600100F, unha subvención por importe de 83.208,30 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Ensanche e pavimentación no lugar de Casanova-Mourentan*” (Expte. 2024012156)”, cuxo orzamento ascende 83.208,30 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	83.208,30	83.208,30	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.

Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Deputación de Pontevedra xunto coa resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.

- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Arbo*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



4.33561.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “INSTALACIÓN DE ASCENSOR NA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE BAIONA” (Expte. 2024010566)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 19/02/2024, mediante rexistro WEB2024009859, emendado en data posterior, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Baiona* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 176.304,73 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Instalación de ascensor na casa consistorial do Concello de Baiona*”, cuxo orzamento ascende 224.509,73 €, financiándose o importe restante ata completar o orzamento cunha axuda da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte da Xunta de Galicia (40.000,00 €) e con fondos propios do concello (8.205,00 euros), quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Concepto	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
Execución obra	210.484,73	170.484,73	40.000,00 (Xunta de Galicia)	0,00
Honor. Redacc.	8.205,00	0,00	0,00	8.205,00
Honor direcc e coordin	5.820,00	5.820,00	0,00	0,00
Total	224.509,73	176.304,73	40.000,00 (Xunta de Galicia)	8.205,00



Dado que os honorarios de redacción de proxecto que importan 8.205,00 € son financiados integramente con fondos propios do concello, entendemos que non forman parte do orzamento total como concepto a subvencionar, polo que podemos excluír do orzamento total, a efectos de concesión de subvención, os 8.205,00 € de honorarios de redacción de proxecto, quedando configurada a concesión tal é como se indica na seguinte táboa:

Concepto	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
Execución obra	210.484,73	170.484,73	40.000,00 (Xunta de Galicia)	0,00
Honor dirección e coord. S e S	5.820,00	5.820,00 (4.320,00 direcc.+1.500,00 Coord. S e S)	0,00	0,00
Total	216.304,73	176.304,73	40.000,00 (Xunta de Galicia)	0,00

A subvención solicitada de 176.304,73 € financia 170.484,73 € de execución de obra, 4.320,00 € de honorarios de dirección de obra e 1.500,00 € de coordinación de seguridade e saúde.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais contando coas autorizacións sectoriais precisas para a súa execución.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).



- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 26/02/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 28/02/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 29/02/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Baiona*, CIF: P3600300B, unha subvención por importe de 176.304,73 € co obxecto do financiamento do investimento “*Instalación de Ascensor na casa consistorial do Concello de Baiona*” (Expte. 2024010566)”, cuxo orzamento ascende 216.304,73 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Concepto	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
Execución obra	210.484,73	170.484,73	40.000,00 (Xunta de Galicia)	0,00
Honor direcc e coord. S e S	5.820,00	5.820,00 (4.320,00 direcc.+ 1.500,00 Coord. S e S)	0,00	0,00
Total	216.304,73	176.304,73	40.000,00 (Xunta de Galicia)	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 34^a reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Baiona*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.33562.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A CAÑIZA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (Expte.2024012667)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases).

As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva, social, etc.), liña 3 (programa de activación do emprego 2024) e liña 4 (redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas).

As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.

As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 3/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 3/01/2024.

De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e reto demográfico, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns douscentos cincuenta e cinco mil (9.255.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/942.9425.462.03.

Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da liña 3 a incrementar o importa da liña 1 en calquera momento e sen límite. Así mesmo, os concellos poderán traspasar ata o 60 % do crédito da liña 3 á liña 2 comunicando dito traspaso no momento de presentar as solicitudes de subvención.



Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de 08/01/2024, con CSV: 9JWTDW8CBVV246JU, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.

De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.

Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DA CAÑIZA				
Data de presentación:		26/02/2024 (registro WEB2024012013)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento elixible	Achega municipal sobre orzamento elixible	Importe da subvención solicitada
11	<i>2 mozos/as recollida de lixo, 6 peóns de obras públicas e 3 condutores/as-operadores/as de maquinaria de vías a xornada completa durante 6 meses</i>	125.081,58 €	2.062,61 €	123.018,97 €

Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.

A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2024/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2024), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DA CAÑIZA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	123.018,97 €



Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 aprobadas en sesión plenaria do 29/12/2023, punto núm. 4.8103, e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.



- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16^a.2^a do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.



Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación *informa favorablemente* o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do *Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2024 (LIÑA 3)* e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2024/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
A Cañiza (P3600900I)	11	2 mozos/as recollida de lixo, 6 peóns de obras públicas e 3 condutores/as-operadores/as de maquinaria de vías a xornada completa durante 6 meses	123.018,97 €



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 4M2A5FR7M2CT28JU) e do informe de Intervención (CSV: 3WS727SZJ4LY4QLU), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de A Cañiza* (CIF P3600900I) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2024 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento poderá financiarse con fondos propios do concello, co crédito dispoñible dunha desistencia, total ou parcial, dun investimento da liña 1 ou co importe acumulado das baixas definitivas da liña 1, con independencia do remanente acumulado. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.



- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2024 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.



- A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Cuadraxésimo Quinta. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.

- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

13.33570.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE PONTEAREAS, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023, ANUALIDADE 2023, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACTUACIÓNS DE MELLORA NA RÚA TROVADOR XOÁN GARCÍA GUILLADE” (Expte.2024003298)

No marco do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023-Liña 1, mediante acordo da xunta de goberno núm. 14.32272, de 17/02/2023, concedéuselle ao concello de Pontearreas, CIF: P-3604200J, unha subvención, por importe de 106.821,97 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Rehabilitación enerxética da envolvente térmica e reforma interior da Casa do Concello Fase II*” (2022074405)

En data 12/01/2024, mediante decreto núm. 2024-0041, o concello de Pontearreas desiste da subvención arriba referida ao identificarse novas actuacións que resultan prioritarias para os intereses do concello e para as que non conta con crédito suficiente para o seu financiamento.

En data 27/02/2024, mediante resolución presidencial núm. 2024001609, acéptase a desistencia do concello a executar a obra arriba referida o que deixa en dispoñible, no correspondente proxecto de gasto e na aplicación orzamentaria 2024/942.9425.762.452.2023, crédito por importe de 106.821,97 euros, con destino ao financiamento das novas propostas de inversión que pretende acometer o Concello denominadas: “ACTUACIÓNS DE MELLORA NA RÚA TROVADOR XOÁN GARCÍA GUILLADE” (2024003298), con número rexistro entrada na sede electrónica da Deputación WEB2024002713, de 19/01/2024, e “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO DE 7 PRAZAS CON TECNOLOXÍA GLP PARA O DEPARTAMENTO DE MEDIO AMBIENTE” (2024012826), con número rexistro de entrada na sede electrónica da Deputación WEB2024011618, de 23/01/2024.



En relación á petición denominada “ACTUACIÓN DE MELLORA NA RÚA TROVADOR XOÁN GARCÍA GUILLADE” (2024003298), subliñar que cumpre os requisitos que establecen as Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 para a Liña 1, contando con informe favorable dos facultativos técnicos da Deputación, de data 28/02/2024.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 16ª do PLAN CONCELLOS 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



PROCEDENCIA DA CONCESIÓN

- Base 17ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023, que dispón que unha vez recaída a resolución de concesión, antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades ou investimentos obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen intereses de terceiros, poderase solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada. O cambio de finalidade requirirá a autorización expresa da Deputación e se axustará ao procedemento previsto nas bases reguladoras.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/02/2024 e da xefa do servizo de Cooperación, da mesma data, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e visto o informe favorable da Intervención provincial, de data 01/03/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Pontearreas*, CIF: P3604200J, unha subvención por cambio de finalidade, por importe de 99.700,17 €, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, co obxecto do financiamento do investimento “*Actuacións de mellora na Rúa Trovador Xoán García Guillade*” (2024003298). A subvención financia obra por importe de 94.565,41 € e as asistencias técnicas á redacción do proxecto (1.297,22 €) e á coordinación de seguridade e saúde (810,70 €).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45.2023 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ademais, conforme o recollido na base 21ª do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado a 31 de decembro de 2024 e xustificado a 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Pontearreas*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



14.33571.- AUTORIZAR O PROXECTO MODIFICADO E O REINVESTIMENTO DA BAIXA DE ADXUDICACIÓN DO INVESTIMENTO “SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN SAMBADE A CRUZ, PARROQUIA DE MALVAS, TUI”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2022), CONCELLO DE TUI (Expte. 2022025071)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Acordo plenario núm. 4.8084 de 24/11/2023 (publicado no BOPPO núm. 229 de 28/11/2023), polo que se prorroga o Plan Concellos 2022-2023 anualidade 2022, liña 1 Invertementos.

Mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 11.31887, do 23 de xuño de 2022, concedeuse subvención, ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2022), por importe de 306.476,76 € ao *Concello de Tui* co obxecto do financiamento do investimento “*Saneamento e pavimentación en Sambade A Cruz, Parroquia de Malvas, Tui*” (Expte. 2022025071), cun orzamento que ascende a 306.476,76 € que inclúe o orzamento de execución por contrata por importe de 292.937,49 euros e honorarios por asistencias técnicas por importe de 13.539,27 €.

En data 10/01/2024, ten entrada no rexistro web2024001274 da Deputación, oficio do *Concello de Tui* no que adxunta documentación xustificativa do gasto efectuado (certificacións de obra nº 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 por importe de 244.126,90 € e facturas correspondentes a os honorarios de dirección de obra y coordinación de seguridade por importe de 13.539,27 €) por importe de 257.666,17 €, relativa ao investimento “*Saneamento e pavimentación en Sambade A Cruz, parroquia de Malvas Tui*” e solicita o libramento da parte proporcional do importe xustificativo que ascende a 257.666,17 €; fiscalizado e conformado pola Intervención Provincial en data 26/02/2024.

Obra no expediente decreto nº 2022-1734 de data 18/11/2022, de resolución de alcaldía de adxudicación do contrato da obra por importe de 269.150,96 € (IVE incluído) á empresa *Construcciones Castro Figueiró S.L.U.*, xerando unha baixa na adxudicación de 23.786,53 € (8,12%).

En data 21/02/2024 con rexistro WEB2024010725, ten entrada no rexistro da Deputación, instancia do *Concello de Tui* na que adxunta proxecto modificado nº1 da obra “*Saneamento e pavimentación en Sambade A Cruz, Parroquia de Malvas, Tui*” cun orzamento base de licitación de 312.609,71 € (IVE incluído); decreto núm. 2024-0112 de data 06/02/2024 polo que se resolve a aprobación do proxecto modificado nº1 e a modificación do contrato de obra; que pasa de 269.150,96 € (IVE incluído) a 287.225,79 € (IVE incluído) cun incremento no prezo de adxudicación de 18.074,83 € (IVE incluído). No propio proxecto modificado se recollen as necesidades sobrevidas durante a execución das obras e que motivan a redacción do mesmo.



O Concello solicita autorización para a modificación do proxecto e o financiamento do incremento do orzamento de adxudicación, que ascende a 18.074,83 euros (IVE incluído), con cargo a parte da baixa de adxudicación

Revisada a documentación, a solicitude cumpre os requisitos esixidos na base 20ª do Plan Concellos 2022-2023; contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 22/02/2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación..
- Acordo plenario núm. 4.8084 de 24/11/2023 (publicado no BOPPO núm. 229 de 28/11/2023), polo que se prorroga o Plan Concellos 2022-2023 anualidade 2022, liña 1 Invetimentos.
Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á instrución e procedemento que indica que correspóndelle ó Servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente Orzamento provincial , sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente:

- Base 20ª do Plan dos Concellos 2022-2023, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado. Admitiranse a trámite



modificacións que se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación, de tal forma que o Concello, se o solicita expresamente, pode empregar a baixa no financiamento do proxecto modificado.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 22/02/2024, e da xefatura do servizo de Cooperación, de data 29/02/2024, que conclúe favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe da Intervención Provincial, de data 29/02/2024 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado e o reinvestimento da baixa de adxudicación da actuación “*Saneamento e pavimentación en Sambade A Cruz, Parroquia de Malvas, Tui*” (Expte. 2022025071) cun orzamento base de adxudicación de 287.225,79 € (IVE incluído), que supón un incremento sobre o orzamento de adxudicación inicial da obra de 18.074,83 €.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

15.33572.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE TRAMITADO PARA CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO E DIRECCIÓN DA OBRA PARA A REHABILITACIÓN ARQUITECTÓNICA E AMPLIACIÓN DO RECINTO CONVENTUAL DE SANTA CLARA PARA USO DESTINADO AO MUSEO DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2023071060)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 30 de xaneiro de 2024, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do “*servizo de redacción do proxecto e dirección de obra para a rehabilitación arquitectónica e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado ao Museo de Pontevedra*”. No mesmo acordo, dispuxo a apertura do procedemento de negociación coa empresa Nieto Sobejano Arquitectos, S.L.P., nomeando ao equipo técnico que realizaría a negociación co candidato, conforme aos aspectos económicos e administrativos establecidos nos pregos.

Mediante Resolución Presidencial número 2024001326, de 16 de febreiro de 2024, declarouse concluída a negociación cos acordos alcanzados entre o equipo técnico designado ao efecto e o candidato, recollidos na acta de 9 de febreiro de 2024 (CSV: AWRWUGAONTBXTPKJ).

No mesmo acordo, invitouse a Nieto Sobejano Arquitectos, S.L.P., para a presentación da oferta final, concedéndolle ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 16 de febreiro de 2024.



Con data 21 de febreiro de 2024, a empresa presenta a súa oferta final na devandita plataforma, conforme ao establecido na cláusula 8 do prego administrativo. Realizada a súa apertura electrónica, unha vez examinada a documentación, a empresa resulta admitida no procedemento, dando conta da oferta á Mesa de Contratación, na sesión celebrada o día 22 de febreiro de 2024.

A oferta presentada pola empresa é a seguinte:

Prezo sen IVE:	IVE (21%):	Prezo total:
1.440.000,00 €	302.400,00 €	1.742.400,00 €

Visto que, con data 27 de febreiro de 2024, a xefa do servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra emite informe (CSV: MMDKP5B1DRZNBGOP) de valoración da oferta conforme aos criterios de adjudicación establecidos nos pregos reguladores da presente contratación, do que resultan as seguintes puntuacións:

Criterios de adjudicación	Puntuación
1. Solución para a supresión Centro Arqueolóxico e proposta dun espazo de conexión, xestión e distribución, ata un máximo de 30 puntos.	25
2. Respecto aos valores históricos, ata un máximo de 25 puntos.	20
3. Recurso de acceso o convento, ata un máximo de 15 puntos.	10
4. Menor prezo total ofertado sen IVE, ata un máximo de 30 puntos.	0
TOTAL PUNTUACIÓN	55

Tendo en conta o artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que se refire ao requirimento da documentación necesaria para a adjudicación.

Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 22 de febreiro de 2024, comproba mediante intermediación automatizada de datos, que a empresa atópase dada de alta no IAE no epígrafe correspondente, e ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Os requisitos de capacidade e solvencia atópanse correctamente acreditados no expediente número 2022068178, do Concurso, a nivel de anteproxecto, para a rehabilitación arquitectónica e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado ao Museo de Pontevedra (Rexistro entrada 2023012084, de 23/05/2023).

Visto que, mediante Resolución Presidencial número 2024001589, de 26 de febreiro de 2024, a deputada delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación require á Nieto Sobejano Arquitectos, S.L.P., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



A empresa presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2024014469, de data 01/03/2024), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 72.000,00 € (carta de pago núm. operación 202400051965, do 01/03/2024).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Advertido un erro na cláusula 5 do prego administrativo, respecto aos fitos de facturación no presente contrato, que non distinguen os momentos de presentación dos proxectos básico e de execución, considerase de aplicación o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Adxudicar o contrato de “*Servizo de redacción do proxecto e dirección de obra para a rehabilitación arquitectónica e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado ao Museo de Pontevedra*”, á empresa *Nieto Sobejano Arquitectos, S.L.P.* (CIF: B82410572) polos prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte:

Prezo:

Prezo sen IVE:	IVE (21%):	Prezo total:
1.440.000,00 €	302.400,00 €	1.742.400,00 €

Conforme á cláusula 4.2 das bases administrativas que rexeron no *Concurso de proxectos, a nivel de anteprojecto, para a rehabilitación arquitectónica e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado ao Museo de Pontevedra*, o premio de 60.500,00 € (50.000,00 €, máis 10.500,00 € correspondentes ao 21% IVE), concedido ao gañador *Nieto Sobejano Arquitectos, S.L.P.*, ten o carácter de pagamento a conta, polo que deducirase dos honorarios totais da redacción do proxecto coa regulación de impostos que no seu caso haxa que facer.



Prazo de execución:

O prazo de execución dos traballos será o resultante das seguintes fases que integran os traballos obxecto do contrato:

1) Para a FASE 1. Entrega do proxecto básico. O prazo será de DOUS MESES a contar desde o inicio do contrato. A continuación do cómputo do prazo efectivo tras o cumprimento desta fase da prestación terá lugar no momento da obtención do informe favorable da persoa Responsable do Contrato.

2) Para a FASE 2. Entrega do proxecto de execución. O prazo será de CATRO MESES a contar desde a data da obtención do informe favorable do Responsable do Contrato ao proxecto básico ou ao documento coas correccións que no seu caso fosen necesarias. Xunto co proxecto de execución deberá facerse entrega do certificado de eficiencia enerxética de proxecto. Para pechar esta fase, tras a obtención do informe favorable de supervisión previo á aprobación do proxecto polo órgano de contratación das obras, procederase á recepción favorable dos traballos.

3) A FASE 3. Dirección facultativa completa comezará coa formalización da acta de comprobación de reformulo e inicio das obras. A súa duración coincidirá co prazo de execución dos traballos contratados, ata a súa recepción. A duración queda, por tanto, vinculada ao prazo real de execución da obra, véndose afectada polas incidencias que nelas puidésemos producir. As previsións indicadas non terán carácter vinculante, debendo a prestación da dirección facultativa estenderse ao longo da duración efectiva das obras. No momento da recepción da obra deberá facerse entrega do Libro do Edificio, o certificado de eficiencia enerxética do edificio e toda a documentación necesaria para a legalización e posta en servizo das instalacións.

4) A FASE 4. Liquidación do contrato estenderase desde o momento da recepción das obras ata a finalización do período de garantía que se fixe no contrato de obras (como mínimo DOCE MESES a contar desde a recepción), momento no que terá lugar a liquidación final das mesmas. No prazo de quince días anteriores á finalización do período de garantía, entregarase o informe sobre o estado das obras. O contrato darase por finalizado cando o licitador presentase toda a documentación final da requiridas no presente Prego de Prescricións Técnicas Particulares, e a Administración actuante recibiuas de conformidade, emitíronse e aprobado as certificacións finais da obra, e tras o período de garantía, practicouse e aprobado a liquidación das mesmas.

En cada unha das fases será obrigado ter polo menos dúas reunións mensuais entre o equipo de arquitectura e o museo, podendo realizarse outras no caso de requirimento por calquera das partes.

Financiación:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/333.3330.632.03.2022	1.742.400,00€

Forma de pagamento: PARCIAL (segundo fitos de facturación)

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2023071060		
Órgano xestor:	LA0006116	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: María del Carmen Gómez Manzano, xefa do servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra.

2.- Rectificar os fitos de facturación establecidos na cláusula 5 do prego administrativo regulador do *contrato de servizo de redacción do proxecto e dirección de obra para a rehabilitación arquitectónica e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado ao Museo de Pontevedra* (primeiro fito), para distinguir os momentos de presentación dos proxectos básico e de execución, quedando a redacción conforme ao seguinte:

Fitos de facturación:

O importe a pagar obterase aplicando a porcentaxe de baixa ofertada pola empresa ao orzamento estimado do proxecto, e tras descontar o importe aboado en concepto de prima outorgada como gañadores do concurso.

Este importe pagarase de acordo cos seguintes fitos de facturación:

- 23 % do prezo do contrato, exceptuando o descontado en concepto da prima outorgada como gañadores do concurso de anteprojecto aboaranse unha vez se presente o proxecto básico e sexa supervisado de xeito favorable polos servizos técnicos da Deputación, previa presentación de factura.
- 27% do prezo do contrato, aboaranse unha vez se presente o proxecto de execución e sexa supervisado de xeito favorable polos servizos técnicos da Deputación, previa presentación de factura.
- O 45 % do prezo do contrato, tendo en conta o apartado anterior, aboaranse mediante pagos mensuais na mesma porcentaxe de execución das obras obxecto de dirección facultativa, previa presentación de factura unha vez se presente a correspondente certificación de obra.
- O 5 % do prezo do contrato restante aboaranse unha vez transcorrido o período de garantía da obra e emitido o pertinente informe respecto á devolución da garantía e liquidación do contrato, previa presentación de factura.



3.- A empresa adjudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

16.33573.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 3303 TABAGÓN-GOLÁN, DENDE O P.Q. 1+795 ATA O P.Q. 3+600. TREITO II (O ROSAL)”.
(Expte.2022047518)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/03/2023 acordou adjudicar á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. (CIF B36239861), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)*”, por un importe de 545.362,31 €, IVE incluído, e un prazo de execución de DEZ (10) MESES.

Resultando.- Que con data 24/05/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 24/03/2024.

Resultando.- Que con data 27/02/2024 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (Rex_web2024012938), escrito do contratista, solicitando unha ampliación do prazo de execución da obra de DOUS (2) meses, debido as seguintes circunstancias:

- Na traza da obra existen postes de subministro telefónico que impiden a correcta execución da senda proxectada, sendo necesario que sexan retirados para poder completar os traballos da obra.
- As condicións climatolóxicas adversas rexistradas durante o período comprendido entre os meses de outubro do 2023 e febreiro de 2024, con intensas choivas, impediron o rápido desenvolvemento dos traballos de recheo, compactación, instalación de caz, formación de subbase e formigonado da senda e cuneta ,ralentizando o seu desenvolvemento e impedindo o mesmo nalgúns casos.

Resultando.- Que en informe do director de obra que consta no expediente con CSV: UXNFOB10OBOTKY4, recóllese o seguinte:”... *Á vista do anteriormente exposto e das alegación da empresa adjudicataria na súa solicitude de prórroga, a Dirección Facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista. As chuvias producidas durante o contrato retrasaron a maioría das unidades de obra debido os arrastres pola auga de terras nas gabias, caixas para a recepción dos firmes e desmontes. Tamén impediu a correcta compactación da saburra para a execución da senda peonil e dos sobreanchos previstos, así como o vertido do formigón na senda, imposible en situación de choiva. Finalmente, a presenza de dous postes telefónicos na traza da senda peonil impide a finalización da mesma.*



Solicitouse a retirada dos postes a empresa telefónica e, debido as numerosas incidencias que teñen que atender polas inclemencias meteorolóxicas, polo momento non foi realizada. Por todo o anterior e, tendo en conta os datos históricos de chuvia da estación meteorolóxica de As Eiras (O Rosal) aportados como adxunto a este informe, considérase que o tempo perdido é de dous meses, polo que a prórroga que procede conceder para o prazo de execución da obra é de DOUS (2) MESES, ata o 24 de maio de 2024. Non existen afeccións ao proxecto, a outras condicións de execución nin ao prezo do contrato que impliquen a necesidade da modificación contractual máis alá da ampliación do prazo sinalada....”

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) XD7H55O82R26PRWRno que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente autorizando a ampliación do prazo de execución en DOUS (2) MESES, sendo a data de finalización deste contrato o 24/05/2024.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

Considerando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/03/2023 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U. (CIF A82876905) o Contrato derivado lote 3 AM seguridade e saude na obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (Concello do Rosal)”.

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U., para a adxudicación do Contrato derivado lote 3 AM seguridade e saude da prórroga da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (Concello do Rosal)”, por un importe de 1.390,00 €, IVE incluído.



Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización que consta con CSV: T5SY9LEXCXA7KQRC, no que se recolle que aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02.2023, dentro do proxecto de gasto código nº 2022001426, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202400051802.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., unha ampliación de prazo de DOUS (2) MESES, na execución do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (Concello do Rosal)*”, establecendo coma data para finalizar a obra o día 24/05/2024, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U. (CIF A82876905) o Contrato derivado lote 3 AM seguridade e saúde da prórroga da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (Concello do Rosal)*” (Expte.2024014537) , por un importe de 1.390,00 € IVE incluído.de acordo co seguinte detalle:
Importe 1.148,76 €
IVE (21 %) 241,24 €
Importe total 1.390,00 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante DOUS (2) MESES polo que se amplía o prazo de execución do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (Concello do Rosal)*”, con efectos dende o 25/03/2024

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; expediente: 2024014537.

17.33574.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DUN “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”. (Expte.2024002812)

A lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, regula o dereito dos cidadáns a relacionarse cas distintas administracións a través de medios telemáticos. Para asegurar este dereito, establécese a obriga das administracións públicas de prover os medios necesarios para facilitar este modo de interacción ca cidadanía.



A maioría das entidades locais da provincia, debido ás súas características, non contaban con recursos propios suficientes para afrontar con éxito os requisitos que establece dita Lei, por iso e en previsión desta circunstancia, o artigo 36.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece a competencia das Deputacións Provinciais na prestación de servizos de administración electrónica asumindo a Deputación de Pontevedra a responsabilidade de levar cabo, no ano 2016, a contratación da implantación, uso e soporte dunha solución de administración electrónica para concellos Expte.2016008622.

Desde ese ano ata a data actual foron 55 concellos (91,60% de concellos de Pontevedra), 4 Mancomunidades e 6 Entidades Locais Menores as entidades adheridas a este proxecto provincial.

Este procedemento ten como obxecto a contratación dunha plataforma de administración electrónica en modalidade Software como Servizo (SaaS) que facilite ás entidades locais da provincia de Pontevedra a adopción dun sistema de tramitación administrativa conforme ao marco legal vixente.

Os concellos adheridos ao proxecto, puideron deste xeito ter todos os seus expedientes organizados e localizados, e dar un salto cualitativo nos seus procedementos, pasando do expediente en papel ao expediente electrónico, a través da incorporación da firma electrónica en toda a organización, ofrecendo desde as súas sedes electrónicas medios de acceso ao cidadán través dos cales poden presentar solicitudes telemáticas, consultar as súas anotacións de rexistro e os expedientes que se atopan en trámite, recibir notificacións electrónicas, realizar pagos telemáticos e verificar a validez de documentos electrónicos. Nos diferentes procesos de contratación, por procedemento aberto, celebrados desde o ano 2016 resultou adjudicataria a empresa Espublico Servicios Para La Administracion, S.A, ca súa ferramenta integral de administración electrónica Gestiona. Na contratación celebrada en 2020 foi a única empresa presentada exp 2020029219.

Por outra banda, o 1 de xuño de 2023 notificouse a resolución de concesión da convocatoria de axudas da Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, destinadas á transformación dixital e modernización das Administracións das Entidades Locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, resultando a Deputación de Pontevedra beneficiaria da mesma.

Unha das actuacións contempladas na execución do proxecto, e de carácter obrigatorio para poder participar no resto de liñas de actuación da subvención, foi a posta en marcha do desenvolvemento da integración con “Carpeta Ciudadana”, servizo proporcionado pola Administración Xeral do Estado e que permite a relación bidireccional entre a cidadanía e as entidades locais.

Debido a que o 100% dos concellos que manifestaron interese de adhesión a esta liña teñen despregada na súa entidade o aplicativo Gestiona, e debido tamén ao mencionado carácter obrigatorio de participación nesta liña tal e como rexe a convocatoria europea, a única empresa capacitada para desenvolver a integración foi Espublico Servicios Para La Administracion S.A xa que ao ser propietaria da aplicación e non ser software libre, imposibilita a integración de carpeta cidadana no aplicativo Gestiona por parte dun terceiro.



A Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente este servizo xa que non conta con persoal especializado nesa materia. En canto á opción de ampliar o equipo actual da Deputación para prestar este servizo hai que considerar que si se externaliza conseguiríase un servizo de soporte técnico 24x7x365 (calquera hora do día, durante os 365 días do ano), algo que de realizarse con medios propios sería moito máis custoso.

O xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, co visto e prace da deputada delegada, propón, mediante informe de data 31/01/2024, a contratación dun servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da provincia de Pontevedra, por procedemento negociado sen publicidade. Informase que a empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA A ADMINISTRACIÓN S.A é a titular do código da Plataforma Tecnolóxica Xestiona e acredítalo cun certificado da empresa (CSV: OL1CMXA5L69J0UIN).

O contrato proposto ten un prazo de duración de 3 anos desde a data de inicio, que ten que ser posterior ao 10/03/2024, xa que existe un contrato en vigor. Está prevista unha prórroga coa duración dun ano.

O contrato ten un orzamento de licitación de 2.071.448,04 euros para 3 anos, con cargo á aplicación orzamentaria 24/926.9260.22706 do vixente orzamento provincial (9 meses e 21 días) por importe de 556.840,86 €, e unha previsión futura con cargo as aplicacións 25/926.9260.227.06 por importe de 690.482,68€, 26/926.9260.227.06 por importe de 690.482,68€ e 27/926.9260.227.06 por importe de 133.641,82€ (2 meses e 10 días), quedando condicionado o gasto á aprobación de ditos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas aplicacións orzamentarias.

Tendo en conta que, con data 04/03/2023, o xefe do servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é o administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP), e de acordo co disposto no artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico- administrativas.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 09/02/2024, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

O secretario xeral, con data 16/02/2024 informe favorablemente o expediente, coas seguintes observacións:

“Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001. Non obstante, a adscrición de medios para a execución do presente contrato debe xustificarse polo servizo promotor do mesmo, coincidindo o sinalado nos PCA co establecido nos PPT.

Así mesmo, debería de constar no expediente a documentación acreditativa da exclusividade do produto que se pretende contratar.

Dado que se trata dun contrato tramitado mediante un procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade, non procedería a subcontratación das prestacións obxecto do mesmo”.



Visto que con data 12/02/2024, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 04/03/2024.

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da provincia de Pontevedra.

O prazo de duración do contrato é de 3 anos desde a data de inicio, que ten que ser posterior ao 10/03/2024, xa que existe un contrato en vigor. Está prevista unha prórroga cunha duración dun ano.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 2.071.448,04€.

O valor estimado é de 2.325.037,46 €.



2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: L4COP29SX171T2R5) e de prescricións técnicas (CSV: CM3JI8KDHQ00F9GK) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 2.071.448,04€ a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 24/926.9260.22706 do vixente orzamento provincial por importe de 556.840,86 € (9 meses e 21 días), e unha previsión futura con cargo as aplicacións 25/926.9260.227.06 por importe de 690.482,68€, 26/926.9260.227.06 por importe de 690.482,68€ e 27/926.9260.227.06 por importe de 133.641,82€ (2 meses e 10 días), quedando condicionado o gasto á aprobación de ditos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas aplicacións orzamentarias.

4.- Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

5.- Iniciar o procedemento para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Espúblico Servicios para la Administración, S.A. (CIF A50878842), invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde a data de envío da invitación a través da plataforma de licitación electrónica (VORTAL).

18.33575.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO “SERVIZO DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA «+XUNTAS 2024»”. (Expte. 2023072103)

A Deputación de Pontevedra, dentro do seu ámbito de actuación, ten entre os seus obxectivos, a promoción da igualdade e a eliminación da discriminación entre mulleres e homes así coma a erradicación da violencia de xénero; promovendo liñas de subvencións destinadas a realizar actividades e programas relacionados co impulso e co desenvolvemento de accións que fomenten o principio de igualdade entre mulleres e homes, de conformidade cos criterios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Dende a Deputación de Pontevedra considerase necesario favorecer o asociacionismo entre as mulleres xa que, precisamente son as asociacións e federacións entre mulleres e as fundacións que teñen por obxecto a promoción das mesmas, as que coas súas actividades poidan incidir de forma directa na participación e promoción das mulleres na sociedade pontevedresa.

Para elo, dende a Deputación de Pontevedra, tendo en conta que a formación é un instrumento clave para avanzar cara a igualdade, e que esta sexa real e efectiva; pon en marcha o programa “+Xuntas”. Con este programa quérese mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra, mellorar as súas condicións de vida, promover o empoderamento e a súa autonomía individual e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, promover a sororidade e a creación de vínculos entre as participantes, fomentando as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias, compartindo vivencias e romper co illamento.



Esta contratación enmárcase no ámbito competencial da Deputación de Pontevedra en base ao artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, que establece como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Para a execución, coordinación e seguimento do programa +XUNTAS 2024 a Deputación de Pontevedra precisa contratar unha empresa, dada a falta de recursos propios e persoal especializado necesario para a impartición de todas as materias, así como a especificación dos traballos a realizar, coa conveniencia de non amplialos xa que de realizalo con medios propios sería moito mais custoso, sendo máis beneficioso acudir a unha contratación externa.

En base a todo o exposto a Deputada Delegada de Igualdade e Benestar Social dictou providencia de inicio para a contratación do servizo de execución do programa “+ Xuntas 2024”. Xunto coa providencia remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación e o catálogo de accións formativas a desenvolver.

Na memoria xustificativa con csv (DQ4VPI7XT6MN8SN1o) o Xefe do Servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é o administrativo de servizo incluído no Anexo IV e dentro do artigo 312 da LCSP “contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía”. O réxime xurídico ao que fai referencia o artigo 312 da LCSP determínase nas bases reguladoras do programa “+ Xuntas 2024” que foron aprobadas pola Xunta de goberno, en sesión ordinaria de data 30 de xaneiro de 2024, e o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, previsto como ordinario no artigo 131.2 LCSP.

Visto o informe emitido polo Sr. Secretario Xeral con data 09/02/2024 csv (IECGSO9L7102OGRT) polo que se informa favorablemente o expediente, seguidamente trasládase o expediente de contratación a Intervención para que o fiscalice nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro.

Resultando que con data 01/03/2024 pola Intervención se informa favorablemente o expediente informando asimesmo que na aplicación 2024/250.2315.227.07 do vixente orzamento provincial existe consignación adecuada e suficiente para facer fronte a este gasto.

Considerando o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), segundo o que se califican como contratos de servizo aqueles que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando o artigo 312 da LCSP, no que recolle as especialidades dos contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do



Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de execución do programa + Xuntas 2024.

2.- Autorizar o gasto por importe de 323.907,39€, de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/250.2315.227.07	323.907,39€

3.-Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas csv (1TSQ12ATSYINY7X5) de prescricións técnicas csv 4FF3AMYKWF81GHQX e o catálogo de cursos csv QQW80084ADGPHYNU, que rexerán en dito procedemento aberto.

4.-Designar como responsable do contrato a Xefa do servizo de Igualdade Lucia Muradas Arcay.

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

19.33576.- AUTORIZACIÓN DA PUBLICACIÓN DUN ANUNCIO DE INFORMACIÓN PREVIA PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE EVOLUCIÓN E XESTIÓN DA REDE SMARTPEME E O APR”. (Expte. 2024002269)

En xuño de 2016, a Deputación de Pontevedra puxo en marcha a rede SmartPeme, co obxectivo de establecer un servizo de asesoramento as persoas emprendedoras e autónomas e as pemes da provincia no uso de ferramentas tecnolóxicas, mellorando así a súa eficiencia, produtividade e competitividade.

O 23 de xullo de 2020 presentouse o Plan España Dixital 2025, unha Axenda actualizada que promove a Transformación Dixital de España como unha das pancas fundamentais para relanzar o crecemento económico, reducir a desigualdade, aumentar a produtividade e aproveitar todas as oportunidades que as novas tecnoloxías ofrecen.

No marco desta estratexia, o Goberno de España presentou o 27 de xaneiro de 2021 o “Plan de dixitalización das pemes 2021-2025”, que ten como obxectivo impulsar as reformas e transformacións necesarias para avanzar no proceso de dixitalización en España. A cuarta medida do eixo de actuación “Dixitalización básica para pemes” inclúe a creación dunha Rede de Oficinas de Acelera Peme que asesoren ás pemes e axuden a promover a demanda tecnolóxica. Mediante Acordo do 27 de abril de 2021, o Consello de Ministros aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que incorpora unha importante axenda de investimentos e reformas estruturais. Para iso, o citado Plan estrutúrase en catro eixos dedicados á transición ecolóxica, transformación dixital, cohesión social e territorial e igualdade de xénero, que á súa vez orientan dez políticas panca e trinta compoñentes.



Constitúe o obxecto da contratación proposta a evolución e xestión da rede SmartPeme+ e Oficinas de Acelera Pyme Rural (OAPR), a través do desenvolvemento das seguintes actividades:

1.- A coordinación e xestión da rede de oficinas SmartPeme+ e das oficinas de Acelera pyme rurais (en diante OAPR), nas que se prestarán os servizos descritos no PPT. As oficinas estarán situadas nos seguintes concellos, permitindo o servizo en todo o territorio provincial: a) Oficinas SmartPeme+: Barro, Lalín, Pontevedra, Porriño e Vigo. b) Oficinas da OAPR: Cambados e Pontearreas.

2.- Asesoramento personalizado a persoas emprendedoras e autónomas e as pemes da provincia no seu proceso de transformación dixital, posta en marcha e crecemento empresarial, baseado nas novas tecnoloxías para aproveitar os recursos e medios para mellorar o rendemento dos procesos empresariais.

3.- A impartición de obradoiros de sensibilización, como acción anexa ao asesoramento personalizado, que aceleren o proceso de transformación dixital, posta en marcha e crecemento empresarial, cuxas temáticas deriven das necesidades detectadas durante o asesoramento personalizado, e que favorezan a captación de persoas emprendedoras e autónomas e pemes para o servizo de asesoramento.

4.- A organización e celebración de actividades complementarias, cuxas temáticas derivarán dos asesoramentos e dos obradoiros de sensibilización, e que promoverán a captación de persoas emprendedoras e autónomas e pemes para o servizo de asesoramento e os obradoiros de sensibilización.

O código CPV que afecta a esta contratación é 72000000-5 (servizos TI: Consultaría, desenvolvemento de software, internet e apoio).

O orzamento base de licitación establecido para esta contratación fíxase na cantidade máxima de 1.487.603,30€ mais o 21% correspondente ao IVE aplicable sendo a cantidade de 312.396,70€, que fan un total de 1.800.000,00 € por anualidade. O prazo máximo de duración será de 24 meses contados a partires da formalización do correspondente contrato pola empresa adxudicataria, con posibilidade de prórroga por outros 24 meses, polo que o valor estimado do contrato fíxase na cantidade de 5.950.413,20 €, sen IVE.

Resulta aplicable para a adxudicación do contrato, o procedemento aberto regulado no artigo 156 da LCSP, estando suxeito a regularización harmonizada ao tratarse dun contrato de servizos cun valor estimado con importe superior a 214.000,00 € (IVE non incluído), polo que seguiríase o procedemento aberto suxeito a regularización harmonizada, de acordo co artigo 22 da LCSP.

Considerando o disposto no artigo 28 da LCSP (*“As entidades do sector público programarán a actividade de contratación pública, que desenvolverán nun exercicio orzamentario ou períodos plurianuais e darán a coñecer o seu plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa previsto no artigo 134 que polo menos recolla aqueles contratos que quedarán suxeitos a unha regularización harmonizada”*).

Considerando o artigo 134 da LCSP que establece que os órganos de contratación poderán publicar un anuncio de información previa co fin de dar a coñecer os contratos que, estando suxeitos a regularización harmonizada, teñan proxectado adxudicar no prazo de 12 meses. Os anuncios de información previa



publicaranse co contido establecido no Anexo III a elección do órgano de contratación no Diario Oficial da Unión Europea ou no Perfil de contratante do órgano de contratación. O período cuberto polo anuncio de información previa será de un máximo de 12 meses a contar desde a data de envío do citado anuncio a Oficina de Publicacións da Unión Europea ou a partir da data de envío do anuncio de publicación ao perfil do contratante. A publicación do anuncio previo.

Considerando o artigo 156 da LCSP que establece que no caso de que o órgano de contratación tivese enviado un anuncio de información previa o prazo xeral de presentación de proposicións poderá reducirse a 15 días. Esta redución do prazo solo será admisible cuando o anuncio de información previa se tivese enviado para a súa publicación cunha antelación máxima de 12 meses e mínima de trinta e cinco días antes da data de envío do anuncio de licitación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Autorizar a publicación dun anuncio de información previa co fin de dar a coñecer o contrato proxectado para a contratación do “*Servizo de evolución e xestión da rede SmartPeme+ e Oficinas de Acelera Pyme Rural (OAPR)*”.

Dito anuncio será publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra. O período cuberto polo anuncio de información previa será dun máximo de 12 meses a contar desde a data de envío do anuncio ao perfil do contratante da Deputación de Pontevedra.

20.33577.- *APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO DO “SERVIZO PARA A IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA INTEGRAL DE CALIDADE TURÍSTICA ESPAÑOLA EN DESTINOS (SICTED) NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”.* (Expte.2021034596)

Na sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de servizo para a implantación e desenvolvemento do sistema integral de calidade turística española en destinos (SICTED) na provincia de Pontevedra á empresa Auren Consultores S.P, S.L.P. (B-87352340), polos prezos e valores ofertados reflexados no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 28 de xaneiro de 2022 e o prazo de execución estendeuse desde a formalización do mesmo ata o 31 de marzo de 2024 (correspondéndose con dous ciclos anuais), con posibilidade dunha prórroga de 2 ciclos anuais (27 meses).



Con data 23 de xaneiro de 2024, a Xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, coa conformidade da deputada delegada, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de dous ciclos anuais.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 16 de xaneiro de 2024 (data de comparecencia: 16/01/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 30 de xaneiro do 2024, a Intervención e informou o seguinte sobre a existencia de crédito para a prórroga deste contrato:

*“ - Na aplicación 24/433.4320.227.06, do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202400019830 por importe de 112.651,00 €.
- Ademais, no vixente orzamento provincial realízase a previsión futura de retención de crédito para o exercicio 2025 mediante o documento RCFUT1 núm. 202400019832 por importe de 118.580,00 €, quedando condicionado o gasto para todas as anualidades futuras (2025 e 2026) á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias que serán, no seu caso, a 25/433.4320.227.06 (118.580,00 €) e 26/433.4320.227.06 (5.929,00 €).”*

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 01 de marzo do 2024 (CSV: 58B2X03NADNE9KGZ), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de servizo para a implantación e desenvolvemento do sistema integral de calidade turística española en destinos (SICTED) na provincia de Pontevedra por 2 ciclos anuais (27 meses), desde o 01 de abril do 2024 ata o 30 de xuño do 2026.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de abril do 2024.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do contrato para a prestación do “*Servizo para a implantación e desenvolvemento do sistema integral de calidade turística española en destinos (SICTED) na provincia de Pontevedra*” subscrito coa empresa AUREN CONSULTORES SP SLP (CIF: B87352340), durante o período desde o 01 de abril do 2024 ata o 30 de xuño do 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2024	24/433.4320.227.06	112.651,00€
2025	25/433.4320.227.06	118.580,00 €
2026	26/433.4320.227.06	5.929,00 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2025 e 2026 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondente aplicación orzamentaria.

21.33578.- REDISTRIBUCIÓN DA FINANCIACIÓN DO CONTRATO RELATIVO A UNHA PLATAFORMA QUE PERMITA O “DESENVOLVEMENTO DAS PRESTACIÓNS DO SISTEMA DE XESTIÓN AUTOMATIZADA DA VISITA AO CASTELO DE SOUTOMAIOR, SOBROXO E MUSEO DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2023058369)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2023, aprobou o expediente de plataforma que permita o “*Desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao Castelo de Soutomaior, Castelo de Sobroso e o Museo de Pontevedra*”, polo importe total IVE engadido de 45.012,00€.

Na cláusula 4 do prego administrativo regulador do procedemento preveuse o seguinte cadro de financiación para as obrigas derivadas do contrato:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/433.3360.227.99	21.780,00€
2024	24/433.3363.227.99	12.342,00€
2024	24/333.3330.227.99	10.890,00€

Na mesma cláusula indicouse que os importes correspondentes á anualidade 2024, quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

A distribución da financiación poderá sufrir variacións en función da data de formalización do contrato.



Visto que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 12 de xaneiro de 2024, adjudicou o contrato á empresa TIQUETEO SPAIN S.L. (B-66045345) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:
 Prezo ofertado:

Prezo ofertado en la parte fixa, sen IVE	22.000,00 €
Prezo ofertado para entradas adicionais superiores a 15.000 (Castelo de Soutomaíor), multiplicado polo número estimado de entradas vendidas (15.000 entradas) (0,40€+ IVE)	6.000,00 €
Prezo ofertado para entradas adicionais superiores a 2000 (Castelo de Sobroso), multiplicado polo número estimado de entradas vendidas (2.000 entradas) (0,40+IVE)	800,00 €
TOTAL sen IVE	28.800,00 €
21% de IVE	6.048,00 €
TOTAL IVE incluído	34.848,00 €

E a seguinte financiación:

Anualidade	Aplicación Orzamentaria	Importe total co IVE
2024	24/433.3360.227.99	16.861,94 €
2024	24/433.3363.227.99	9.555,10 €
2024	24/433.3330.227.99	8.430,97 €
	TOTAL	34.848,00 €

Tendo en conta a forma de pago recollida na cláusula 5 d) do prego de cláusulas administrativas e a data na que se vai a formalizar o contrato é necesario facer unha redistribución do financiamento.

O contrato foi formalizado en data 6/02/2024.

Con data 28/02/2024 a xefa de sección de Turismo e a xefa de xestión do Museo informan que, á vista da data fixada para o inicio do contrato, a forma de pago recollida no prego administrativo e do prezo ofertado pola empresa contratista, é necesario aprobar a redistribución do financiamento do contrato conforme ao seguinte:

Centro	Aplicación orzamentaria/Anualidade	Importe total co IVE- Parte fixa
C. Soutomaíor	24/433.3360.227.99 (10 meses e 22 días)	7.975,44 €
	25/433.3360.227.99 (1 mes e 6 días)	897,90 €
C. Sobroso	24/433.3363.227.99 (10 meses e 22 días)	7.975,44 €
	25/433.3363.227.99 (1 mes e 6 días)	897,89 €
Museo	24/333.3330.227.99 (10 meses e 22 días)	7.975,44 €
	25/333.3330.227.99 (1 mes e 6 días)	897,89 €

Centro	Aplicación orzamentaria/anualidade	Importe total co IVE- Parte variable
C. Soutomaíor	25/433.3360.227.99	7.260,00 €
C. Sobroso	25/433.3363.227.99	968,00 €



Quedando os importes correspondentes ao ano 2025 condicionados á aprobación do respectivo orzamento e á existencia de crédito axeitado e suficiente no mesmo.

Visto o informe favorable da Intervención, de data 29/02/2024 co csv 045TYFEA6HRN4CQP.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a redistribución do financiamento do contrato dunha “Plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao Castelo de Soutomaíor, Castelo de Sobroso e o Museo de Pontevedra”, que queda da seguinte maneira:

Centro	Aplicación orzamentaria/Anualidade	Importe total co IVE- Parte fixa
C.Soutomaíor	24/433.3360.227.99 (10 meses e 22 días)	7.975,44 €
	25/433.3360.227.99 (1 mes e 6 días)	897,90 €
C. Sobroso	24/433.3363.227.99 (10 meses e 22 días)	7.975,44 €
	25/433.3363.227.99 (1 mes e 6 días)	897,89 €
Museo	24/333.3330.227.99 (10 meses e 22 días)	7.975,44 €
	25/333.3330.227.99 (1 mes e 6 días)	897,89 €
	TOTAL	26.620,00€

Centro	Aplicación orzamentaria/anualidade	Importe total co IVE- Parte variable
C.Soutomaíor	25/433.3360.227.99	7.260,00 €
C. Sobroso	25/433.3363.227.99	968,00 €
	TOTAL	8.228,00€

Quedando os importes correspondentes ao ano 2025 condicionados á aprobación do respectivo orzamento e á existencia de crédito axeitado e suficiente no mesmo.



22.33579.- REAXUSTE DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO DA OBRA DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 3303 TABAGÓN-GOLÁN, DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 1+795, TREITO I (O ROSAL)”. (Expte. 2020055080)

A Xunta de Goberno de data 9 de xullo de 2021, adxudica o contrato de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+795, treito I (O Rosal)*” á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. polo importe 568.488,16 €, IVE incluído.

Con data 13 de xuño de 2022 a empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. presenta por rexistro (WEB2022035349) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o antedito contrato.

A Xunta de Goberno de data 24 de xaneiro do 2023, acordou aprobar a revisión excepcional de prezos do dito contrato, aplicando a fórmula nº 381 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, por importe de 38.130,23 €, IVE incluído.

Por Resolución Presidencial RP2023002086 de data 14 de marzo do 2023 apróbase o recoñecemento da obriga e o pago la certificación de revisión de prezos polo importe acordado 38.130,23 €.

Unha vez publicados os índices definitivos que afectan ao período de execución de obra, o Servizo de Infraestruturas, con data 18 de decembro do 2023, emite novo informe (CSV ZD1ZXXO77O4A161G) determinando que a revisión de prezos que procedería é de 51.203,73 €.

Tendo en conta a diferenza existente entre o aboado e o importe actualizado resultante da revisión de prezos, é necesario un reaxuste no importe aboado a empresa.

Trasladado o expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, con data 26 de xaneiro, certifica a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02.2023 por importe de 13.073,50 € (diferencia entre o aboado a empresa e a revisión excepcional con índices definitivos) mediante ou documento de retención de crédito núm.202400017889.

Tamén informa, favorablemente á proposta de reaxuste da revisión excepcional de prezos debendo ter en conta os coeficientes de reparto fixados no convenio co concello de O Rosal. Correspondendo á Deputación de Pontevedra o pago de 10.458,80 € e ao *Concello do Rosal*, o pago de 2.614,70 €.

A efectos de tramitación do pago, achegarase polo contratista a certificación e a factura correspondentes á citada liquidación.



Con data 26 de febreiro do 2024 Secretaría Xeral presta “*conformidade á proposta de revisión excepcional de prezos, así como o seu reaxuste, tendo en conta as circunstancias que concorren no presente contrato e a existencia do informe do servizo responsable do mesmo*”.

Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.

Considerando que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6 , 7 , 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.

Considerando o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.

Considerando as formulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Reaxustar a revisión de prezos excepcional aplicando os índices definitivos do contrato “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+795, Treito I (O Rosal)*”, adxudicado á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA SL (B36239861), por importe de 51.203,73 € (IVE incluído).

Tendo en conta que foron aboados con data 20/03/2023 o importe de 38.130,23 €, corresponde a Deputación de Pontevedra ao aboo da diferenza.



2.- Autorizar e dispoñer o gasto por importe de 13.073,50 € do reaxuste da revisión excepcional de prezos a favor da empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L (B36239861) con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02.2023 (RC nº202400017889) do vixente orzamento provincial.

3.- Repercutir ao *Concello de O Rosal* o importe de 2.614,70 € en cumprimento da cláusula cuarta do convenio de colaboración asinado coa Deputación para a execución das obras obxecto do contrato que establece que calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade coa aplicación dos coeficientes de financiación Deputación 80% e o *Concello de O Rosal* 20%

23.33580.- REAXUSTE DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO DERIVADO DE “OBRAS NA ZONA F - LOTE 6, DO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”.
(Expte.2021025921)

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26 de marzo de 2021, acordou adxudicar o “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, Zona F – Lote 6” á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.

A Xunta de Goberno de data 9 de xullo de 2021, adxudicou o “Contrato derivado das obras na ZONA F-lote 6 do Acordo marco de conservación de firmes na rede viaria” do polo importe 688.578,26 € IVE incluído.

Con data 11 de abril de 2022 a empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIARIAS, SA presenta por rexistro (WEB2022021723) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o dito contrato derivado da Zona F- Lote 6.

A Xunta de Goberno de data 4 de novembro do 2022, acordou aprobar a revisión excepcional de prezos do dito contrato, aplicando a fórmula nº 153 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, por importe de 63.499,32 €, IVE incluído.

Por Resolución Presidencial RP2023001507 de data 23 de febreiro do 2023 apróbase o recoñecemento da obriga e o pago la certificación de revisión de prezos polo importe acordado 63.499,32 €.

Unha vez publicados os índices definitivos que afectan ao período de execución de obra, o Servizo de Infraestruturas, con data 18 de decembro do 2023, emite novo informe (CSV 3PHJHDMDIBCZLRG) determinando que a revisión de prezos que procedería é de 63.819,74 €.

Tendo en conta a diferenza existente entre o aboado e o importe actualizado resultante da revisión de prezos, é necesario un reaxuste no importe aboado a empresa.



Trasladado o expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, con data 26 de xaneiro, certifica a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01 por importe de 320,42 € (diferencia entre o aboado a empresa e a revisión excepcional con índices definitivos) mediante ou documento de retención de crédito núm. 202400018436.

Tamén informa, favorablemente á proposta de reaxuste da revisión excepcional de prezos. A efectos de tramitación do pago, achegarase polo contratista a certificación e a factura correspondentes á citada liquidación.

Con data 26 de febreiro do 2024 Secretaría Xeral presta “*conformidade á proposta de revisión excepcional de prezos, así como o seu reaxuste, tendo en conta as circunstancias que concorren no presente contrato e a existencia do informe do servizo responsable do mesmo*”.

Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

- *Dar la adecuada publicidad a este convenio para que quede constancia de las actuaciones desarrolladas para conseguir el objetivo de lucha contra la brecha digital y la soledad no deseada en el medio rural de la provincia de Pontevedra, e identificar convenientemente la procedencia de la financiación pública del proyecto. A tal efecto, deberán incluirse la imagen institucional de la Diputación de Pontevedra y la del MITECO.*
- *Colaborar con la Diputación de Pontevedra y/o la empresa adjudicataria y, dentro de su ámbito territorial, en la difusión del proyecto y de los cursos de formación que se vayan a impartir en el municipio, así como indicar el carácter público de la financiación e incluir la imagen institucional de las entidades concedentes, según el tipo de proyecto, en los carteles y en los medios electrónicos o audiovisuales que se utilicen. Todos los carteles informativos deberán colocarse en un lugar visible y de acceso al público.*
- *Aceptar la coordinación técnico-administrativa de la Diputación de Pontevedra, con el fin de facilitar sus obligaciones ante el órgano gestor de las ayudas asumiendo colaborar y cooperar en las condiciones y obligaciones que adquiere la Diputación de Pontevedra como entidad beneficiaria del proyecto concedido.*
- *Comunicar a la Diputación, de forma inmediata, la obtención de otras subvenciones o ayudas para la mencionada finalidad procedentes de cualquier Administración pública o ente privado nacional o internacional, y especificar su cuantía.*
- *Prestar la colaboración y facilitar cuanta documentación se le requiera en el ejercicio de las funciones de fiscalización y control del destino de las ayudas que les corresponden a la Intervención municipal, al Tribunal de Cuentas y al Consejo de Cuentas.*



- *Aceptar la prórroga del convenio para cumplir las obligaciones exigidas en la convocatoria de 2022 para la financiación de proyectos innovadores para la transformación territorial y lucha contra la despoblación (Orden TED/1358/2021, de 4 de diciembre) del MITECO. (...)*”.

7º.- Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno do 27 de outubro de 2023, adoptouse o acordo nº 5.33095 relativo á “*Aprobación das bases reguladoras para a selección das persoas participantes nas actividades formativas do proxecto “Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra (Expte.2023063998)”*”, que foron publicadas no BOPPO nº 236 do 11 de decembro de 2023.

8º.- Na súa base cuarta establecíase que o prazo de presentación de solicitudes abrangía desde o 19 de decembro de 2023 ao 31 de xaneiro de 2024.

Este prazo foi ampliado ata o 15 de febreiro de 2024 por acordo nº 1133353 da Xunta de Goberno, adoptado na súa sesión ordinaria do 12 de xaneiro de 2024, xa que de xeito paralelo estíbese a tramitar o expediente nº 2023047633 para a contratación do servizo de deseño a impartición da formación e capacitación en competencias dixitais, estando entre as funcións da empresa adxudicataria a de difundir esta convocatoria.

9º.- O obxectivo da convocatoria, tal e como se recollen nas bases, é a formación e a capacitación dixital das persoas incluídas no ámbito subxectivo coa finalidade de:

- Mellorar o acceso aos servizos da Administración electrónica.
- Dotar dunha maior autonomía na xestión de procedementos da vida ordinaria relacionados co uso das Novas Tecnoloxías, tales como as compras dixitais, a realización de xestións bancarias, ou o uso das redes sociais entre outros.
- Garantir unha adecuada cobertura e acceso á prestación de servizos públicos críticos coma sanidade, os servizos asistenciais, a atención á dependencia, etc.
- Simplificar a relación da cidadanía coa Administración a través da persoalización e adaptación dos servizos públicos dixitais.

Para iso, desenvolveranse sete (7) accións formativas de cinco (5) horas de duración, incluíndo o tempo de preparación e peche da aula, en cada un dos concellos participantes (Cuntis, Moraña, A Illa, Forcarei e as Neves). Estas, comezarán cunha formación básica sobre seguridade na utilización de medios electrónicos e Internet, e versarán sobre as seguintes temáticas:

Actividades formativas
1. A Administración electrónica.
2. A sede electrónica da Deputación de Pontevedra .
3. A sede electrónica do meu concello.
4. SERGAS, a súa aplicación electrónica e TELEA.
5. Uso da banca móbil e as compras electrónicas .
6. As redes sociais.
7. ¿Como crear o meu vídeo?.

As prazas por concello participante son cincuenta (50).



10º.- A convocatoria está dirixida a persoas empadroadas e/ou que presten servizos nos concellos de A Illa de Arousa, As Neves, Cuntis, Forcarei e Moraña, que podían solicitar a súa participación en calidade de alumno/a ou “influencer”, sempre que reuniran os seguintes requisitos:

Alumnado:

- Ter nacido con anterioridade ao ano 1973.

Non se exixirá o requisito de idade ás persoas que acrediten discapacidade e/ou que presten servizos de axuda a domicilio nos Concellos participantes e/ou acrediten a condición de persoa coidadora con maiores a cargo, sempre que sexan maiores de 18 anos e acheguen a documentación recollida na base sexta.

Influencer (persoa destacada a nivel municipal e con capacidade de mobilización e influencia sobre outras persoas, grazas á demostración en primeira persoa dos beneficios que lles pode reportar o uso de ferramentas dixitais):

- Ser maior de 18 anos
- Estar empadroada nalgún dos concellos participantes.

11º. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes e tramitados todos os expedientes, o resultado por concellos foi o seguinte:

CONCELLO	Nº SOLICITUDES
A Illa de Arousa	17 (alumnos/as)
As Neves	29 (24 alumnos/as + 5 influencers)
Cuntis	1 (alumno/as)
Forcarei	27 (alumnos/as)
Moraña	17 (alumnos/as)
Ribadumia	1
Vigo	1
Vilanova	1
Nº SOLICITUDES TOTAIS	94
Nº solicitudes admitidas	89
Nº solicitudes rexeitadas	5



11.1 Das noventa e catro (94) solicitudes, oitenta e nove (89) foron admitidas e cinco (5) rexeitadas.

Todas solicitudes admitidas reúnen o requisito de idade exixido na convocatoria, con independencia de que sinalasen que viven soas, que padecen algún tipo de discapacidade ou que prestan servizo de axuda a domicilio, criterios para determinar a orde de preferencia no caso de haber máis solicitudes que prazas, extremo que non se produciu, polo que todas as persoas solicitantes poden ser admitidas tendo en conta o requisito de idade e residencia para a adxudicación de praza.

Así mesmo todas as solicitudes foron presentadas en prazo no rexistro dos respectivos Concellos. No obstante, por problemas informáticos de interoperabilidade da plataforma SIR, empregada polos concellos para remitir as solicitudes á Deputación, aquelas onde consta rexistro de entrada nesta Institución de data 19 de febreiro, non achegaban o recibo de presentación no concello no último días de prazo (15 de febreiro), polo que se requiriu aos concellos de A Illa, Forcarei e As Neves para que remitiran ditos documentos, o que así fixeron tal e como consta nos respectivos expedientes. O mesmo acontece coa solicitude de D. Américo Gil Álvarez (Expte. 2024011912), con data de entrada no rexistro do concello de As Neves o 15/02/2024 e no da Deputación o 22/02/2024, e coa de D^a. M^a Josefa Rodríguez Rial (Expte. 2024012564), con data de entrada no rexistro do Concello de A Illa o 15/02/2024 e no da Deputación o 26/02/2024

Comprobados os mesmos constatouse que a presentación no concello tivera lugar o último día de prazo, o 15 de febreiro de 2024.

11.2. En canto á solicitude de D. Adolfo Pérez García (Expte. 2024011556), con entrada no rexistro desta institución o 21 de febreiro, achégase xunto coa mesma, escrito asinado pola Sra. Alcaldesa do Concello de Forcarei no que indica que problemas loxísticos *“non foi posible tramitar mediante rexistro a solicitude dunha persoa”*, polo que vistos os problemas do sistema de intermediación de rexistros, e dado que hai prazas vacantes, coa admisión desta solicitude non se prexudican dereitos de terceiros, polo que incluímos a mesma no listado proposta de persoas admitidas do concello de Forcarei onde quedaban 24 prazas vacantes.

11.3. A exclusión das solicitudes dos expedientes nº 2024001508, 2024010556 e 2024010563 débese a que as persoas solicitantes están empadroados en concellos non adheridos a este programa (*Vigo, Ribadumia e Vilanova de Arousa respectivamente*), e polo tanto, de conformidade coa Base segunda da convocatoria, procede a súa exclusión.

As solicitudes con expedientes nº 2024008902 (D^a. M^a Katia Martínez Brea) e 2024008516, (D^a. Ana María Martínez Carmuega) resultan excluídas por non cumprir requisito de idade esixido de nacer antes de 1973, pois ambas solicitantes naceron no 1974 segundo se desprende da consulta dos DNI.



12. O 1 de marzo de 2024 a Xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico emitiu informe proposta (CSV: 6BDN7D1R0ZGZ0UNT) no que se solicitaba a correspondente fiscalización previa da adxudicación das prazas nas actividades formativas do proxecto “HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”.

13.- Con data 04/03/2024, Intervención informa favorablemente á adxudicación de ditas prazas.

No informe recóllese que o órgano competente para a adxudicación das prazas nas actividades formativas do proxecto “HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA” é a Xunta de Goberno.

De acordo co exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar a lista de persoas admitidas e excluídas nas actividades formativas do proxecto “ HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL DE PROVINCIA DE PONTEVEDRA”, con CSV: 576B6OBPV7AOJQ0K.

2º.- Publicar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no BOPPO e na páxina web da Deputación. Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

32.33589.- AUTORIZACIÓN DO COMPROMISO DO GASTO E O RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DA CERTIFICACIÓN NÚM.11 DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP 6005 PRADO-BODAÑO, DO PQ 0+000 AO PQ 0+573 (CONCELLO DE LALÍN)”. (Expte.2022045201)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 9/12/2022 acordou adxudicar a empresa “NAROM, SL” (NIF B36163418) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 6005 Prado-Bodaño, do PQ 0+000 ao PQ 0+573 (Concello de Lalín)*”, por un importe de 301.939,20 € (IVE engadido) e un prazo de execución de seis (6) meses.

Resultando.- Que con data 12/01/2023 formalízase a acta de comprobación de replanteo, establecendo como data para finalizar a obra o día 12/07/2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 30/06/2023 acordou aprobar o proxecto modificado da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 6005 Prado-Bodaño, do PQ 0+000 ao PQ 0+573 (Concello de Lalín)*”, establecendo como data para finalizar as obras o día 20/09/2023.



Resultando.- Que con data 20/09/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2023054310), un escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de cincuenta (50) días, debido a que o retraso na terminación da obra susténtase na demora por parte da compañía eléctrica UFD en realizar o retranqueo (mediante o soterramento pola nova senda) da liña eléctrica que discorre entre o PQ 0+060 ao PQ 0+160 md. A simple valoración, resulta entendible que non resulta posible formigonar a senda peonil prevista nese tramo, mentres a referida compañía eléctrica non instale as súas canalizacións e retire os apoios de formigón existentes.

Resultando.- Que consta no expediente informe do director de obra (CSV) W0TRJSB98LF0VIXN no que se recolle que a dirección facultativa considera que as causas de demora que alega o contratista non son imputables a el. A máis recolle que aínda que dende o Servizo de Infraestruturas se seguen realizando as xestións para axilizar o soterramento da liña eléctrica por parte de Fenosa, as datas en que finalmente se execute o mesmo se descoñecen e non dependen da Deputación de Pontevedra. Polo tanto, para poder rematar a obra en prazo e non depender de terceiros, é preciso formigonar a senda na zona dos 4 apoios afectados por panos, procedendo para ilo a desprazar de maneira sucesiva os 4 apoios provisionalmente cara o pano xa formigonado na fase previa. Tendo en conta os antecedentes, considérase que o tempo perdido por causas non imputables ao contratista é de 1 mes.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) NQPHWXYL6J1Y7Y1 no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en un (1) mes sendo a data de finalización deste contrato o 20/10/2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 06/10/2023 acordou conceder á empresa “NAROM, SL” unha ampliación de prazo de un (1) mes, na execución do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 6005 Prado-Bodaño, do PQ 0+000 ao PQ 0+573 (Concello de Lalín)”, establecendo como data para finalizar a obra o día 20/10/2023, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicarán ao contratista automaticamente as penalidades previstas.

Resultando.- Que remitida ao servizo de Intervención a solicitude de fiscalización da certificación núm. 11, este devólveas informadas o día 4 de marzo do 2024, concluíndo que “dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito”. Así mesmo, fai constar nel que “*Apréciase unha demora na expedición da certificación, xa que non cumpriu o prazo dos 10 días seguintes ao mes que corresponde (art. 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público)*”.



Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta a Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2024, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Único.- Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial das seguinte obriga:

- Certificación núm. 11 da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 6005 Prado-Bodaño, do PQ 0+000 ao PQ 0+573 (Concello de Lalín)*”, debendo librarse os seus importes con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EPRESA	Aplicación orzamentaria	Certificación Núm.	Importe
NAROM, SL” (NIF B36163418)	24/456-4530-612.02.2021	11	22.304,16 €
		SUBTOTAL	22.304,16 €
		Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)	619,60 €
		Control de calidade (3% PEM licit.)	498,18 €
		Total descontos	1.117,78 €
		TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR	21.186,38 €

33.33590.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MARÍN AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (Expte.:2024015009)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases).

As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva, social, etc.), liña 3 (programa de activación do emprego 2024) e liña 4 (redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas).



As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.

As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 3/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 3/01/2024.

De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e reto demográfico, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns douscentos cincuenta e cinco mil (9.255.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/942.9425.462.03.

Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da liña 3 a incrementar o importa da liña 1 en calquera momento e sen límite. Así mesmo, os concellos poderán traspasar ata o 60 % do crédito da liña 3 á liña 2 comunicando dito traspaso no momento de presentar as solicitudes de subvención.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de 08/01/2024, con CSV: 9JWTDW8CBVV246JU, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.

De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.

Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE MARÍN					
Data de presentación:		01/03/2024 (registro WEB2024014394)			
Data de emenda da solicitude:		04/03/2024 (registro WEB2024014924)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
15	<i>3 conserxes, 11 peóns de obras públicas e 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 6 meses</i>	167.087,10 €	163.118,10 €	3.969,00 €	163.118,10 €



Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítense informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.

A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2024/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2024), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE MARÍN	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	213.565,26 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 aprobadas en sesión plenaria do 29/12/2023, punto núm. 4.8103, e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten



aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2024/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Marín (P3602600C)	15	3 conserxes, 11 peóns de obras públicas e 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 6 meses	163.118,10 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: L8GGYTR173X2GXKO) e do informe de Intervención (CSV: IYV2ZBLCLV9F1M76), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Marín* (CIF P3602600C) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2024 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Marín (P3602600C)	15	3 conserxes, 11 peóns de obras públicas e 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 6 meses	163.118,10 €



Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento poderá financiarse con fondos propios do concello, co crédito dispoñible dunha desistencia, total ou parcial, dun investimento da liña 1 ou co importe acumulado das baixas definitivas da liña 1, con independencia do remanente acumulado. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.



- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2024 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberánse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
 - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Cuadraxésimo Quinta. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.



- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

34.33591.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

35.33492.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

36.33493.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e vinte e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

